

Estimados/as colegas:

O grupo de traballo de Química ponse en contacto con vós neste novo curso, para informarvos que non hai cambios de cara ás ABAU 2022. Nesta páxina web da CiUG na materia de Química (<https://ciug.gal/gal/abau/quimica>) poderedes atopar toda a información relativa ás probas nos seguintes enlaces/arquivos:

- **Orientacións xerais**. Engloban unhas consideracións previas e orientacións, para cada bloque da materia, elaboradas polo grupo de traballo para a proba ABAU a partir dos estándares de aprendizaxe.
- **Indicacións para a formulación**. Entendidas como de mínimos de cara á proba ABAU.
- **Modelo de exame**. Recordarlle os alumnos que nun recuadro na parte inferior do exame recóllense datos necesarios para a resolución dalgunha das preguntas.
- **Criterios de corrección**. Criterios que deben ter claro os alumnos antes da realización da proba. Revisade ben os criterios.
- **Táboa periódica**.
- **Valoracións das ABAU 2021**. Resume dos resultados da proba que inclúe os erros máis comúns detectados polos correctores nas dúas convocatorias: xuño e xullo 2021. Esta información elabórase a partir do informe individual que fai cada corrector de Química despois de corrixir os exames. O grupo de traballo considera que este resumo é moi importante e servirá de axuda para todos vós. Algúns erros son os memos ano tras ano.
- **Exames anos anteriores** (<https://ciug.gal/gal/abau/exames>). Neste apartado atópanse os exames, criterios e solucións de convocatorias anteriores (pdf os cinco últimos anos e en arquivo zip os exames anteriores á LOMCE).

Unha vez máis, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxestión e moito ánimo para este curso.

Recíbide un cordial saúdo,  
O Grupo de Traballo